



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN

Propostas de mejora

Informe sobre el estado e situación del sistema educativo

Curso 2008/2009



CONSEJO
ESCOLAR
DEL ESTADO

educacion.es

Propostas de mellora

*Informe sobre o estado e a situación do sistema
educativo*

Curso 2008-2009



MINISTERIO DE EDUCACIÓN
Consejo Escolar de Estado

Edita:
© SECRETARÍA GENERAL TÉCNICA
Subdirección General de Documentación y Publicaciones

Catálogo de publicaciones del Ministerio: educacion.es
Catálogo general de publicaciones oficiales: 060.es

Fecha de edición: 2010
NIPO: 820-10-125-8

Depósito Legal: M-31832-2010

Imprime: Estilo Estugraf Impresores, S.L.

Índice

	Páxina
Presentación	7
Propostas de mellora	11
0. <i>De carácter común</i>	11
1. <i>Educación infantil</i>	13
2. <i>Educación primaria</i>	14
3. <i>Educación secundaria obrigatoria</i>	16
4. <i>Ensinanzas postobrigatorias: bacharelato e formación profesional</i>	18
5. <i>O gasto educativo</i>	20
6. <i>A convivencia e a igualdade nos centros educativos</i>	22
7. <i>Participación da comunidade educativa</i>	23
8. <i>Formación inicial do profesorado</i>	25
9. <i>A inclusión do alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade</i>	26

Presentación

Neste ano 2010, en que a Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, cumpre vinte e cinco anos, o Consello Escolar do Estado, creado pola devandita lei, aprobou na sesión plenaria do 1 de xuño o vixésimo terceiro informe sobre o estado e a situación do sistema educativo español, correspondente ao curso 2008-2009. Deste xeito, o máximo órgano consultivo e de participación dos estudos non universitarios cumpre a función que se lle asignaba de participar na programación xeral do ensino e de elaborar, aprobar e facer público o devandito informe.

O diagnóstico que contén este informe presenta un panorama do sistema educativo español con luces e sombras, nun momento en que se debe facer balance do cumprimento dos obxectivos de 2010 marcados pola Estratexia de Lisboa. Se os avances son innegables en aspectos como a escolarización na educación infantil, nas taxas de titulados universitarios ou na formación de persoas adultas, subsisten serios problemas no noso sistema, como a falta de titulación da nosa xente nova e o abandono prematuro da educación e da formación, que se deben abordar inmediatamente co esforzo de todos.

Estas debilidades do noso sistema educativo adquiren un significado especial na actual conxuntura de crise económica. As persoas enfróntanse á necesidade de adaptarse ás continuas esixencias de reconversión profesional e o país necesita mobilizar os recursos humanos para progresar. Por iso, dotar o alumnado dunha formación sólida preséntase como unha esixencia inaprazable. Neste sentido, o sistema educativo ten que conseguir que o 100 % do alumnado teña un futuro na súa formación tanto académica coma profesional e ten que facilitar o retorno ao sistema educativo de quen o abandonara, con fórmulas atractivas para compaxinar formación e emprego.

Ao Consello preocúpanlle os déficits de equidade e de éxito da nosa educación. Falta de equidade, porque malia ser esta bastante aceptable considerándonos a poboación escolar que alcanza a titulación tras a ensinanza obrigatoria, esa equidade xa non é tan evidente se temos en conta que un 30 % da nosa xente nova remata os estudos obrigatorios sen titulación e, sobre todo, se observamos que existen diferenzas moi notables entre unhas comunidades autónomas e outras, tanto nos resultados educativos como nas taxas de idoneidade ou de abandono.

Mellorar a calidade da educación española é o obxectivo prioritario. E mellorar a calidade significa, ademais de alcanzar bos resultados, lograr un equilibrio entre a equidade e a excelencia en todos os territorios, e que todas as persoas obteñan os mellores resultados independentemente do centro en que estuden. Para iso é imprescindible garantir a escolarización equilibrada entre todos os centros, e unha atención axeitada do alumnado que presente maiores dificultades.

Ademais, é fundamental medir o grao de éxito das políticas emprendidas a través de indicadores, aplicar as medidas de mellora que suxiren as avaliacións de diagnóstico e dotar os centros educativos da autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión que lles permitan atender de xeito máis eficaz as necesidades do seu alumnado, da que lle deben render conta á sociedade a través das correspondentes avaliacións.

Da lectura detida do informe sobre o estado e a situación do sistema educativo do curso 2008-2009 despréndense os seguintes retos aos que se debe prestar atención urxente:

1. As administracións educativas deben intensificar o esforzo iniciado polo Plan Educa3 e establecer todos os indicadores imprescindibles para garantir a calidade e o carácter educativo da etapa.
2. As administracións educativas non poden limitarse á pura e simple aplicación da avaliación de diagnóstico en cuarto de primaria e en segundo de secundaria, senón que deben establecer mecanismos que permitan a análise dos seus resultados e a articulación de plans de actuación que se deriven destas, e velar para que os centros incorporen nos seus proxectos educativos os compromisos entre as familias, o alumnado e o centro que permitan que todos os estudantes teñan un futuro educativo prometedor.
3. A loita contra o fracaso escolar require a detección temperá das dificultades de aprendizaxe, a posta en práctica de actuacións para as superar, o extremo coidado na transición entre todas as etapas educativas desde a educación infantil e acometer un plan de actuación urxente e xeneralizado na educación secundaria obrigatoria que permita que o 100 % do alumnado teña posibilidades de educación e formación posteriores, sexa en bacharelato, en ciclos formativos ou en programas de cualificación profesional inicial (PCPI), que se deben ofrecer en todos os centros de ESO. O plan debe propiciar que a maioría do alumnado obteña a titulación e, en calquera caso, que todos os alumnos e as alumnas consigan a certificación das competencias básicas adquiridas que lles garanta proseguir a súa formación.

4. É imprescindible que a Conferencia Sectorial de Educación siga a promover as medidas previstas no Plan de Prevención do Abandono para aumentar, significativamente, a taxa de persoas tituladas nas ensinanzas postobrigatorias.
5. O gasto público na educación é o mellor investimento de futuro. Por iso, o Consello Escolar considera que a Conferencia Sectorial de Educación debe incrementar o gasto público para os próximos dez anos co fin de alcanzar os obxectivos que fixe a Unión Europea para 2020, fomentando políticas compartidas e coordinadas no que afecta ás prioridades no gasto e o seu máximo grao de eficacia e eficiencia.
6. Correspóndelles ás administracións educativas prover os recursos de apoio que o alumnado con discapacidade precise, ao longo de todas as etapas, para garantir non só o acceso senón tamén a súa permanencia e promoción dentro do sistema educativo, segundo os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal que establece a lexislación.
7. O profesorado é un elemento esencial da calidade do sistema. Por iso, sen detrimento da autonomía universitaria, as administracións estatal e autonómicas deben garantir a calidade e o rigor da formación inicial dos mestres e as mestras, e do profesorado de secundaria. En particular, deben velar para que o practicum mellore notablemente a formación do futuro profesorado e para rendibilizar ao máximo a experiencia do profesorado en exercicio. Así mesmo, é urxente reforzar a consideración social do profesorado e negociar o Estatuto do Funcionario Docente, que estableza unha auténtica promoción profesional.

Finalmente, solicítase ao Ministerio de Educación que inclúa no Sistema Estatal de Indicadores todos aqueles que sexan necesarios para avaliar as actuacións que se emprendan, co fin de afrontar cada un dos novos retos sinalados.

Aspectos formais e contidos do presente informe

Mantense a estrutura dos aprobados en cursos anteriores, co obxecto de focalizar a atención sobre os aspectos máis salientables do curso académico 2008-2009, que é o obxecto de análise neste caso, sen renunciar á riqueza de datos e matices da información estatística e documental. Como no curso

anterior, co obxecto de lograr a máxima difusión das propostas de mellora que o Consello eleva ás administracións, estas publícanse tanto en castelán como nas linguas cooficiais do Estado e, ademais, en inglés. Todo iso co fin de incrementar ao máximo a influencia institucional da comunidade educativa.

O informe estrutúrase en tres grandes partes. Na parte I analízanse os acontecementos máis destacados do curso 2008-2009.

Na parte II, que se inicia con propostas de mellora de carácter común a todo o sistema educativo, mantéñense sete capítulos, xa incluídos en informes anteriores, referidos aos catro niveis en que se estrutura o sistema educativo e, ademais, outros tres referidos a diversos asuntos moi salientables, como son o gasto educativo, a convivencia e a igualdade nos centros escolares, e a participación educativa. A estes temas engadíronselles outros dous: a formación inicial do profesorado e a inclusión do alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade. En cada un destes capítulos inclúense aquelas propostas de mellora que o Consello Escolar do Estado considera conveniente elevar ás administracións educativas.

Na parte III recóllese a información estatística e documental, clasificada por epígrafes que manteñen a estrutura dos cursos anteriores, para facilitar a consulta, a localización dos datos e a súa comparación.

Toda a información contida nas tres partes descritas está contida no CD que acompaña a publicación en papel (parte I e II). Pola súa banda, as propostas de mellora que complementan cada un dos aspectos máis salientables da educación española, así como as propostas de melloras de carácter común a todo o sistema, publícanse nunha separata co obxecto de teren a máxima difusión posible.

Carmen Maestro Martín
Presidenta do Consello Escolar do Estado

Propostas de mellora

0. De carácter común

1ª) O Consello Escolar do Estado propón que as administracións educativas fagan efectiva a autonomía dos centros educativos, no sentido que establece GÁBEA, para elaborar os seus proxectos educativos a partir do diagnóstico das súas necesidades, co traballo cooperativo, a implicación e a participación de toda a comunidade educativa.

A autonomía dos centros está intimamente vinculada coa avaliación e a rendición de contas. Por iso, para axudar aos centros a realizar avaliacións internas e para poder realizar un diagnóstico axustado de todos os factores que concorren na situación do sistema educativo, o Consello Escolar do Estado insta o Ministerio de Educación e as administracións educativas a desenvolveren indicadores que permitan a detección precoz das dificultades da aprendizaxe e do abandono escolar prematuro, e a realizaren estudos, entre outros temas, das vantaxes ou desvantaxes que supón a separación dos dous ciclos de educación infantil en centros educativos distintos, sobre os proxectos bilingües e trilingües existentes nos distintos ámbitos territoriais, e sobre a repetición de curso e as súas consecuencias no logro do éxito escolar.

Así mesmo, o Consello considera que todos os centros deben corresponsabilizarse na mesma medida das dificultades que implica a escolarización equilibrada do alumnado e, en consecuencia, deben contar cos recursos axeitados para tal fin. Por iso, recoméndalles ás administracións educativas que adopten cantas medidas organizativas e normativas sexan necesarias para que en todos os centros públicos e os privados concertados, agás naqueles que polas súas circunstancias requiran intervencións específicas, se alcancen as mesmas proporcións entre profesorado e unidade escolar, e os mesmos equipos de orientación educativa.

2ª) O Consello Escolar do Estado insta as administracións educativas, como en cursos anteriores, a realizaren unha axeitada programación da oferta educativa, garantindo os dereitos fundamentais de todos á educación, co fin de facer efectiva a plena e equilibrada escolarización e a integración nos centros públicos e privados concertados do alumnado de orixe estranxeira, do que se incorpore tardiamente ao sistema educativo, do que presente problemas

ou risco de abandono e exclusión social, e do que presente necesidades educativas especiais. As administracións educativas deben dotar os centros dos recursos humanos e materiais necesarios para o levar a cabo.

3ª) O Consello Escolar do Estado considera que cómpre unha maior coordinación entre a Federación Española de Municipios e Provincias e as Administracións educativas, co obxectivo de impulsar e racionalizar unhas actuacións educativas coordinadas entre as administracións central, autonómica e local que permitan mellorar a atención integral a toda a poboación escolarizada e desenvolver, ademais, a participación dos concellos na programación xeral do ensino en materias como a xeneralización da oferta de educación infantil; a educación das persoas adultas; a oferta das ensinanzas de réxime especial; as obrigas municipais respecto ao mantemento, o funcionamento e as reparacións dos centros escolares públicos; a promoción da lectura desde as bibliotecas municipais; o uso das TIC por colectivos cada vez máis amplos; a cooperación municipal na integración dos colectivos de inmigrantes e a súa corresponsabilidade en todas aquelas medidas que contribúan á diminución do fracaso escolar.

4ª) O Consello Escolar do Estado súmase ao Congreso dos Deputados e apoia a proposición non de lei relativa á protección do patrimonio educativo, pola que se insta o Goberno a propor, no seo da Conferencia Sectorial de Educación, un plan de protección, conservación e difusión do patrimonio histórico educativo que abranga a elaboración de inventarios e catálogos dos bens que o compoñen, medidas para a conservación dos fondos documentais e as coleccións científicas, unha estratexia para a conservación dos edificios escolares históricos, a investigación e a divulgación do devandito patrimonio e os créditos orzamentarios para a execución do referido plan.

5ª) O Consello Escolar do Estado estima conveniente que o Estatuto do Funcionario Docente non universitario estableza unha auténtica promoción profesional –tanto vertical como horizontal–, de xeito que o profesorado reciba un recoñecemento do seu traballo ben feito. Así mesmo, propónse a negociación urxente do Estatuto da Función Pública Docente que, ademais de establecer os dereitos e os deberes do profesorado do ensino público, definir perfís profesionais axeitados e continuar elevando o recoñecemento social e profesional da función pública educativa, debería recoller a prórroga da xubilación voluntaria, anticipada e incentivada aos 60 anos. Esta medida, ademais de ser un dereito recoñecido ao profesorado polas características

da función que desempeña, permitiu a renovación parcial dun colectivo que presenta certo avellentamento.

6ª) O Consello Escolar do Estado insta o Ministerio de Educación a elaborar, no marco dos obxectivos para 2020, un plan integral de actuacións en Ceuta e en Melilla, para equiparar a súa realidade educativa e os seus resultados escolares á media estatal e europea. Este plan debería prever avaliacións periódicas, e algunhas das súas medidas deberían ser actuacións de choque para garantir que ningún alumno nin alumna saian do primeiro ciclo de educación primaria sen o coñecemento da lectura e a escritura.

7ª) O Consello Escolar do Estado solicita que se continúe o proceso de desagregación de datos tanto por sexos como os relativos aos centros públicos, centros concertados e centros privados, co fin de obter un coñecemento máis real do sistema educativo e de poder desenvolver medidas máis eficaces.

1. Educación infantil

1ª) O Consello Escolar do Estado, malia recoñecer o grande esforzo realizado polo Ministerio e as administracións educativas e locais na escolarización no primeiro ciclo de educación infantil no marco do Plan Educa 3, insta as administracións a realizaren un maior esforzo orzamentario para a creación de prazas públicas que dea resposta ás necesidades actuais, emende a diferenza existente entre a oferta pública e a privada neste primeiro ciclo de educación infantil, e cumpra desde esta perspectiva os obxectivos europeos propostos para 2010 en materia de escolarización nesta etapa educativa.

Neste sentido valórase moi positivamente que en varias comunidades autónomas os centros do primeiro ciclo non dependentes das administracións educativas se transferisen ás consellarías de educación, e ínstase o resto de comunidades a que o leven a cabo co fin de garantir o inescusable obxectivo educativo desta etapa.

2ª) O Consello proponlles ás administracións educativas que garantan a escolarización equitativa do alumnado estranxeiro en todos os centros que reciban fondos públicos para a impartición do primeiro ciclo, dotándoos dos recursos humanos e materiais necesarios, e establecendo a normativa necesaria para regular os criterios de admisión do alumnado, co fin de emendar

o desequilibrio actualmente existente entre centros públicos e privados, e de garantir unha educación de calidade para todo o alumnado.

3ª) O Consello Escolar do Estado insta o Ministerio de Educación a que lidere, no marco da Conferencia Sectorial de Educación, a avaliación do Plan Educa 3, e que o Instituto de Avaliación estableza os correspondentes indicadores de calidade referidos á calidade dos proxectos pedagóxicos dos centros e a súa adecuación ao carácter educativo do ciclo, á aplicación dos requisitos mínimos dos centros, a titularidade dos centros e do servizo educativo, así como a titulación dos profesionais que o atenden, procurando eliminar a segregación laboral deste nivel, no que existe unha clara feminización, a calidade das instalacións, as ratios, a coordinación cos centros que imparten o segundo ciclo, o grao de satisfacción das familias e a eficiencia dos recursos públicos investidos.

4ª) O Consello Escolar do Estado insiste un ano máis en que as administracións educativas intensifiquen a efectiva e a temperá detección de necesidades específicas de apoio educativo, singularmente aquelas asociadas a discapacidade, cuxa atención precoz constitúe un factor de primeira magnitude no éxito dunha educación inclusiva e de calidade.

5ª) Aínda que a GABE determina no seu artigo 14.7 que os requisitos que deben cumprir os centros do primeiro ciclo de educación infantil deben ser regulados polas administracións educativas, dada a importancia que a escolarización en idades temperás ten para garantir o principio de igualdade de oportunidades, o Consello Escolar do Estado insta a Administración do Estado a iniciar o proceso de reformas lexislativas necesarias, co fin de poder contar cos marcos estatais precisos sobre os requisitos mínimos dos centros e as ensinanzas mínimas, en particular, do primeiro ciclo da educación infantil. Así mesmo, proponlles ás administracións educativas autonómicas e á Administración educativa do Estado que, no seo da Conferencia Sectorial de Educación, se acorden os requisitos mínimos comúns que deben cumprir todos os centros que impartan este ciclo, desde a perspectiva do carácter educativo que a Lei lle atribúe a esta etapa.

2. Educación primaria

1ª) Logo de realizada na primavera de 2009 a primeira aplicación da avaliación de diagnóstico en cuarto curso de educación primaria, o Consello considera

que os seus resultados se deben converter nun instrumento privilexiado para detectar as dificultades de aprendizaxe e favorecer a adopción de medidas de mellora. Xa que logo, instamos as administracións a estenderen a devandita avaliación a todos os centros, polo valor orientativo e de mellora que representa para toda a comunidade educativa.

As administracións educativas, a partir dos resultados das avaliacións externas, deberán actuar nos centros solicitando en primeiro lugar a análise interna dos resultados por parte da comunidade educativa; en segundo lugar consensuaranse os obxectivos de mellora que se incluírán no proxecto educativo, no que se concretarán as medidas de autonomía pedagóxica e organizativa necesarias; e en terceiro lugar elaborárase un documento de corresponsabilidade, no que se especificarán os compromisos de mellora dos centros e os recursos persoais e materiais (ratios, desdobramentos, agrupacións...) que a Administración facilitará para conseguir os obxectivos de calidade propostos. No devandito documento estableceranse os mecanismos de avaliación e rendición de contas para actualizar anualmente os compromisos.

2ª) O Consello Escolar do Estado, malia valorar os esforzos realizados polas administracións educativas en fomentar a lectura, considera necesario que, como xa se indicaba no informe do curso pasado, se elabore un plan específico (instalacións, persoal especializado, dotacións...) que lle proporcione a todo o profesorado a formación, os instrumentos e os recursos para cumprir con éxito o obxectivo de que o 100 % do alumnado finalice a educación primaria despois de adquirir o hábito e o pracer pola lectura e, en consecuencia, un bo nivel en comprensión de lectura, clave para conseguir o éxito no resto de competencias básicas. Para garantir a súa eficacia, o plan debe ir acompañado da correspondente memoria económica e dunha avaliación anual dos resultados obtidos.

3ª) O Consello Escolar do Estado recoméndalles ás administracións educativas que potencien os seus esforzos para facilitar o tránsito entre as etapas de educación infantil e educación primaria, por unha parte, e entre a educación primaria e a educación secundaria obrigatoria, por outra, mediante a elaboración de axeitados programas de coordinación entre o profesorado que imparte as etapas e os niveis, incluída a necesaria previsión dos recursos de apoio.

4ª) Dada a distancia existente entre a taxa real de idoneidade do alumnado en educación primaria aos 12 anos de idade e os obxectivos de idoneidade que se plasmaban no Programa Nacional de Reformas, aprobado en 2005

polo Goberno na liña dos obxectivos de Lisboa 2010, o Consello Escolar do Estado volve instar o Ministerio de Educación e as administracións educativas autonómicas a reforzaren eficazmente as medidas de atención á diversidade do alumnado en educación primaria como medio de previr os desfases de aprendizaxe e de elevar as taxas de idoneidade en toda a educación obrigatoria, reducindo con iso substancialmente o fracaso e o abandono escolar prematuro ao termo da educación obrigatoria.

Na mesma liña anterior, o Consello Escolar do Estado observa con preocupación a desigual aplicación do Plan de Reforzo, Orientación e Apoio (PROA) nas comunidades autónomas, polo que lle recomenda ao Ministerio que, no seo da Conferencia Sectorial de Educación, lidere a avaliación do Plan para detectar as súas posibles deficiencias, establecer novos requisitos de calidade e comprobar a eficaz utilización de fondos públicos.

5ª) O Consello Escolar do Estado insta o Ministerio de Educación e as administracións educativas que aínda non o realizaran a que fixen un máximo de 20 alumnos/as por aula, diminuíndo ese número se se escolariza alumnado con necesidades educativas especiais.

Así mesmo, propónselles ás administracións educativas que aseguren a existencia dun número suficiente de profesorado con axeitada formación para adecuar a súa intervención docente ás necesidades educativas do alumnado con discapacidade e de profesionais debidamente titulados e cualificados, así como de programas dirixidos a atender o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo en todos os centros públicos e centros privados concertados.

3. Educación secundaria obrigatoria

1ª) O Consello Escolar do Estado amosa a súa preocupación pola evolución negativa das taxas de idoneidade que repercuten directamente no fracaso escolar e no abandono escolar prematuro. Así mesmo, as porcentaxes de titulación na educación secundaria obrigatoria son inferiores ás alcanzadas nos países da UE e amosan significativas desigualdades entre as comunidades autónomas. Por iso, co fin de garantir que todo o alumnado adquira as competencias básicas, sen renunciar á excelencia, este Consello insta o Ministerio de Educación e as administracións educativas autonómicas a superaren esta situación, a promoveren a cultura do esforzo e o espírito emprendedor, e a continuaren

cos plans e as actuacións de atención á diversidade, a potenciaren actividades dirixidas a superar as dificultades de aprendizaxe –como os desdobramentos e os reforzos das áreas instrumentais– e a incrementaren os programas de diversificación e o Plan de Reforzo, Orientación e Apoio (PROA), que deben ser oportunamente avaliados.

Proponse, ademais, a elaboración dun plan de actuación urxente e xeneralizado, oída a Mesa Sectorial, no seo da Conferencia Sectorial de Educación, que aborde os problemas que se reflicten neste informe, co fin de facer realidade a equidade educativa que se define no título II de GÁBEA, sen esquecer as medidas de compensación necesarias naqueles centros educativos que, por razóns de tipo social ou cultural, acollan unha porcentaxe relativamente elevada de alumnado con necesidades educativas específicas, ao tempo que se evita a súa excesiva concentración nun mesmo centro.

2ª) Outra preocupación que o Consello Escolar do Estado comparte coa sociedade é o abandono escolar prematuro, intimamente relacionado coa elevada porcentaxe de alumnos e alumnas que rematan a ESO sen título ningún. Lamentablemente, os datos non melloraron durante o presente curso e mantéñense as diferenzas entre as comunidades autónomas que se apuntaban en informes anteriores. Aínda que foi positiva a posta en marcha do Plan de Prevención do Abandono Escolar aprobado pola Conferencia Sectorial de Educación, é urxente que se lle proporcione unha vía de futuro ao alumnado que complete a súa escolaridade obrigatoria e non obteña acreditación ningunha. En concreto, proponse que se lles expida a estes alumnos e alumnas un certificado oficial con validez para efectos laborais e coa posibilidade de facilitarlles o acceso a determinados módulos profesionais, acordes coa súa situación e as súas posibilidades.

3ª) Co obxecto de mellorar o éxito do alumnado e de diminuír o abandono escolar temperán, é preciso que as administracións educativas lles pidan aos centros escolares un esforzo adicional neste empeño e, conseguintemente, que o estimulen, o orienten e o apoiem. Para este fin, e no marco da autonomía prevista en GÁBEA, deben propiciar que cada centro, á vista da súa situación, se fixe obxectivos explícitos e realistas e que, en función deses obxectivos, adopte medidas concretas de mellora que se plasmen na súa programación xeral anual. Esas medidas deberían incluír, entre outras, estratexias de ensino centradas nas necesidades dos alumnos e as alumnas, compromisos educativos entre as familias e o centro, así como un sistema efectivo de información e orientación profesional á vista das situacións individuais do alumnado.

Así mesmo, solicítanselle ao Ministerio de Educación os estudos pormenorizados doutros aspectos que poidan incidir na titulación do alumnado, como son a repetición de curso e o horario lectivo real do alumnado de educación secundaria, así como do grao de non asistencia do profesorado á clase, das causas que os motivan e das medidas que deben pór en práctica as administracións para controlaren os seus efectos e palialos.

4ª) Mantense a fenda entre os resultados académicos dos alumnos e os das alumnas. O denominado “fracaso escolar” segue a ser máis acusado no caso dos rapaces. Urxe, xa que logo, que as administracións educativas inicien o estudo das causas desta diferenza e elaboren plans específicos que presenten unha oferta formativa atractiva para as mozas e os mozos, e que abran campañas de concienciación dirixidas ás familias e actuacións concretas para o alumnado con carencias familiares e sociais, ou que rexeite a institución escolar.

5ª) Por outra banda, o Consello Escolar do Estado considera que os programas de cualificación profesional inicial (PCPI) constitúen unha das medidas máis valoradas de atención á diversidade polo alumnado que se acha actualmente escolarizado nestes programas. Neste sentido, é necesario que as administracións educativas e o Ministerio de Educación creen unha oferta atractiva e suficiente que cubra a demanda existente, que non escatimen recursos para a súa implantación en todos os centros de ESO e que establezan de xeito conxunto unhas bases comúns e unha duración de dous cursos en todo o Estado. Así mesmo, propón facilitar o acceso desde a cualificación profesional inicial aos ciclos formativos de grao medio, tendo en conta criterios como o ámbito socioeconómico e as necesidades reais de formación e emprego.

4. Ensinanzas postobrigatorias: bacharelato e formación profesional

1ª) Mantense o acusado déficit de España en relación coa taxa de titulación en educación secundaria postobrigatoria na franxa de idade de 18 a 24 anos. Xa que logo, o obxectivo europeo para 2010, que situaba esta taxa no 85 %, está aínda afastado. Así mesmo, tamén lle preocupa ao Consello Escolar do Estado o desequilibrio entre o alumnado matriculado en bacharelato e en formación profesional. Por iso, recoméndaselles ás administracións educativas que tomen medidas encamiñadas a aumentar a matriculación e a titulación nas ensinanzas profesionais, que promovan a cultura do esforzo e o espírito emprendedor, que establezan un sistema integrado de información e orientación profesional,

que promovan campañas informativas sobre ofertas formativas axeitadas ás demandas do sistema produtivo, e que establezan unha maior flexibilidade entre os ciclos formativos, e entre estes e o bacharelato e a universidade.

Neste sentido, o Consello Escolar do Estado insta o Ministerio de Educación a que cambie a normativa actual de cara a garantir que o alumnado que curse ciclos formativos de grao medio cuxas ensinanzas teñan continuidade en ciclos de grao superior, poida acceder de forma directa a estes, logo de superados os de grao medio. Así mesmo, no caso de que se queira acceder a un ciclo superior non relacionado directamente co devandito título, deberase superar un curso de formación específico para o acceso a ciclos de grao superior que teñan un peso notable nese tránsito.

2ª) O Consello Escolar do Estado recomenda que se revise a estrutura actual do bacharelato, flexibilizando a súa organización, co obxectivo de conseguir que un maior número de alumnos e alumnas, entre os que actualmente abandonan estes estudos, poida alcanzar os obxectivos desta etapa mediante unha ordenación máis axeitada ás súas características e circunstancias persoais. Así mesmo, propón o aumento da oferta de calidade e diversificada desta etapa educativa, incluíndo unha oferta suficiente e debidamente planificada de bacharelato nocturno e a distancia en todo o Estado, cun reforzo da orientación no derradeiro ano da educación secundaria obrigatoria, para que o alumnado conte cunha ampla información, incluíndo o deseño dos estudos universitarios que recolle o Plan Bolonia, que lle permita elixir a modalidade ou a vía máis axustada ás súas competencias e aos seus intereses. A posta en marcha das novas probas de acceso á universidade exige unha axeitada coordinación entre os centros de educación secundaria e as universidades para que estas se adapten aos contidos e ás funcións do bacharelato, e propónselle ao Ministerio e ás administracións educativas que establezan mecanismos de avaliación do funcionamento do novo modelo de proba para comprobar se cumpre os obxectivos propostos.

3ª) O Consello Escolar do Estado considera necesario que sigan a desenvolverse todas as medidas destinadas a incrementar a matrícula en ciclos de formación profesional de grao medio: completar o desenvolvemento do Catálogo de Títulos de Formación Profesional no marco GABE, incrementar o número de centros que imparten estas ensinanzas con garantías de calidade, e potenciar o módulo de formación en centros de traballo (FCT), posibilitando realizar parte da FCT noutros países e establecendo, por parte das Administracións educativas, mecanismos de financiamento específicos para o alumnado

mentres curse o devandito módulo de formación. Para evitar o abandono prematuro da educación, recoméndase o desenvolvemento do plan de bolsas específicas para estudantes de FP e de incentivos económicos ao alumnado e ao empresariado, co fin de facilitar o desenvolvemento de fórmulas compostas formación-emprego, permitindo compatibilizar a formación e o traballo a tempo parcial.

4ª) No actual contexto de crise económica, mantén plena vixencia a recomendación que facía o Consello Escolar do Estado de pór atención específica nos colectivos de persoas adultas, sen o nivel de educación secundaria superior, que poderían retornar ao sistema educativo, preferentemente a estudos para a obtención do título de ESO ou á oferta de FP de grao medio. Para iso, é necesario aumentar a oferta de titulacións, incluíndo o voluntariado social, incrementar a flexibilidade das ensinanzas presenciais e a súa impartición en réxime nocturno, e desenvolver plataformas de teleformación e a formación distancia. Así mesmo, o Consello Escolar do Estado considera conveniente que se incremente a rede de centros integrados para aproveitar mellor os recursos humanos e materiais e conseguir unha formación simultánea dos dous subsistemas de formación profesional. Pero este incremento non debe supor que os centros non integrados se vexan prexudicados, nin que diminúan os seus recursos.

5ª) É moi positivo que se iniciara o recoñecemento e acreditación de competencias profesionais de nivel 1, que se integran nos certificados de profesionalidade da Administración laboral, como recomendaba este Consello en informes anteriores. Pero para que esta medida se desenvolva en todo o seu alcance e se garanta a mobilidade dos traballadores e das traballadoras, o Consello Escolar do Estado insta as administracións educativas a que a avaliación, o recoñecemento e a acreditación das competencias se faga de xeito idéntico e coordinado en todo o Estado, tomando como referencia o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. A avaliación, o recoñecemento e a acreditación deben abranguer tamén todas as ensinanzas que teñan un carácter profesionalizador.

5. O gasto educativo

1ª) Malia o incremento experimentado no gasto público en educación no exercicio de 2009, España segue situada nun lugar atrasado no que respecta a niveis de gasto público calculado como porcentaxe do PIB, por baixo da media

dos países da Unión Europea e da OCDE. Este Consello Escolar do Estado reitera a necesidade de incrementar o noso gasto público educativo co fin de equiparalo á media dos países da Unión Europea, obriga que deriva da nosa propia lexislación educativa.

2ª) O Consello Escolar do Estado insta o Ministerio de Educación e as administracións educativas autonómicas a compensaren as desigualdades territoriais no que respecta ao gasto educativo e a incrementaren o ritmo de aumento do investimento educativo, ata alcanzar o 7 % do PIB, co fin de corrixirmos o déficit histórico que mantemos respecto á maioría dos países da Unión Europea.

3ª) Non obstante a complicada situación económica actual, non debemos esquecer que o gasto educativo constitúe un investimento de innegable valor de cara á mellora das nosas cifras económicas e de emprego. A devandita circunstancia, unida ao compoñente de equidade e de equilibrio persoal e social que unha educación de calidade para todos leva consigo, aconsella non só o mantemento do gasto educativo existente na actualidade senón o seu incremento, nos niveis antes expostos, para situar a educación nun lugar prevalente na superación da presente crise que atravesamos a nosa economía.

4ª) O incremento do gasto público en educación por parte das administracións educativas para o equiparar á media dos países do noso ámbito xeográfico, político e económico débese plasmar, por prescrición legal, nun plan para os dez anos seguintes á entrada en vigor da actual lei orgánica de educación. Instase as administracións educativas, no seo da Conferencia Sectorial de Educación, a avanzaren no establecemento do devandito plan para aumentar o noso gasto educativo, fomentando políticas compartidas e coordinadas no que afecta ás prioridades no gasto e ao seu máximo grao de eficacia e eficiencia, e situando o alumnado no eixe sobre o que debe xirar a política de gasto público en educación.

5ª) O Consello Escolar do Estado insta o Ministerio de Educación a fixar por lei un desfase máximo con relación á media de gasto público educativo en España por baixo do cal non se poidan colocar as comunidades autónomas, para evitar que a súa falta de investimento educativo, por un lado, impida garantir unha educación en equidade e calidade con iguais garantías que no resto das comunidades autónomas e, por outro, que a media española se vexa minorada e afastada de conseguir os obxectivos propostos para o conxunto do Estado.

6. A convivencia e a igualdade nos centros educativos

1ª) O Consello Escolar do Estado considera que a implicación da comunidade educativa no obxectivo de favorecer un clima escolar baseado no respecto é a mellor plataforma para conseguir un rendemento escolar axeitado. Por iso, sería conveniente que o Ministerio de Educación revitalizase o Observatorio da Convivencia para que se amplíen e se difundan os estudos que veu realizando. Os devanditos estudos fan especial fincapé na calidade das relacións entre o profesorado e o alumnado, consideran o alumnado como o principal protagonista da educación e inclúen valiosas recomendacións para mellorar o clima escolar, apostando polo consenso das normas de convivencia e pola mediación dos conflitos.

Propónse tamén que se elaboren indicadores sobre a convivencia e o clima escolar dos centros educativos para poder avaliar o impacto de melloras das medidas adoptadas respecto á asunción de valores e hábitos cívicos, sobre a integración efectiva do alumnado estranxeiro ou sobre a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

2ª) Recoméndase a aprobación dunha normativa específica e básica que garanta que todos os centros escolares contén cos recursos materiais e humanos necesarios para pór en práctica o seu proxecto educativo e o seu plan de convivencia e que dispoñan da suficiente capacidade organizativa para dar respostas singulares naqueles casos que o requiran. No mesmo sentido, ínstase o Ministerio de Educación a que promulgue un real decreto que actualice o de 1995 sobre dereitos e deberes do alumnado, que se adapte ao actual sistema educativo e sexa un marco común para todo o alumnado. Ademais, propónse a revisión da normativa sobre convivencia e o impacto das boas prácticas no seo da Conferencia Sectorial de Educación e a realización de campañas de sensibilización das administracións e da comunidade educativa dirixidas ao alumnado de ESO e as súas familias, para incentivar o estudo e reforzar as medidas de orientación académica e profesional non racista e non sexista, tanto na etapa de ESO como no bacharelato.

3ª) As TIC e internet son ferramentas poderosas de educación e socialización da xente nova. Malia ofrecerem estes novos medios múltiples posibilidades aos seus usuarios, non están exentas de riscos que é preciso evitar para salvagardar a integridade física e psicolóxica dos rapaces e as rapazas. Por iso, este Consello recoméndalles ás administracións educativas que desenvolvan iniciativas que permitan percibir o impacto dos medios de comunicación e

internet no alumnado e reforzar a educación no uso racional dos medios e as tecnoloxías.

4ª) O Consello Escolar do Estado considera que se debe promover o recoñecemento e a autoridade moral e profesional do profesorado, incluído o do ensino concertado, e que se debe reflexionar sobre a elaboración dunha normativa básica e recoñecida a nivel estatal. Esta lei deberá ser completada con outras medidas, tales como a incorporación de novos perfís profesionais nos centros que complementan a tarefa educativa, a diminución das ratios, o aumento dos equipos e da rede de orientación, e a mellora da formación do profesorado na resolución de conflitos, entre outras.

Para mellorar o clima escolar é fundamental un maior prestixio do labor docente, que as familias acepten as directrices do profesorado, e difundir unha imaxe dos centros educativos como ámbitos culturais e formativos por parte dos medios de comunicación. O tratamento informativo das situacións de conflictividade escolar ou acoso é unha cuestión de especial relevancia que debe coidar da protección dos dereitos dos menores. Por iso demándaselles ás administracións educativas e aos medios de comunicación que alcancen un acordo de autorregulación que vele polos dereitos dos menores e evite a distorsión da imaxe dos centros educativos.

5ª) O Consello Escolar do Estado considera fundamental que as administracións educativas garantan o cumprimento das normas que regulan as actuacións do sistema educativo en relación coa igualdade de sexos incluídas en GÁBEA e na Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Así mesmo, recoméndase a promoción entre a comunidade escolar e a formación específica das persoas nomeadas no seo dos consellos escolares dos centros con este fin, o establecemento de protocolos que faciliten a inmediata escolarización en casos de alumnas ou alumnos afectados pola violencia de xénero, e a elaboración de plans específicos de igualdade no ámbito educativo.

7. Participación da comunidade educativa

1ª) A participación dos sectores sociais na educación supón un dos principios constitucionais de maior relevancia, en torno ao que se debe desenvolver a educación no noso sistema. No obstante o anterior, apréciase un importante descoñecemento da situación real da devandita participación nos nosos centros e nos nosos consellos territoriais.

Por iso, o Consello Escolar do Estado considera que sería de extraordinario interese coñecer con exactitude a situación da devandita participación, para o que se lles recomenda ás administracións educativas, e en particular ao Instituto de Avaliación, que, ao elaborar o Sistema Estatal de Indicadores da Educación, se estude a posibilidade de aumentar os indicadores de procesos educativos, incluíndo indicadores relacionados coa participación do alumnado nos centros e incrementando así mesmo os indicadores existentes sobre a participación de pais e nais do alumnado. Tamén sería conveniente incluír indicadores sobre a participación dos sectores de alumnado e de pais e nais nos procesos para a elección de representantes no consello escolar do centro.

2ª) Polo que respecta ao exercicio do asociacionismo do alumnado e dos pais e as nais, obsérvase que o funcionamento dos rexistros e dos censos autonómicos relacionados co devandito asociacionismo se desenvolve con criterios non sempre coincidentes, o que dificulta a agregación de datos a nivel de todo o Estado e a determinación da representatividade das organizacións. Logo do consenso das administracións educativas, sería de grande interese que, no seo da Comisión de Estatística da Conferencia Sectorial, se estude a conveniencia de introducir nas estatísticas da educación en España os aspectos relacionados co asociacionismo do alumnado e dos pais e as nais no ámbito previo aos estudos universitarios.

3ª) O movemento asociativo do alumnado e dos pais e as nais debe ser apoiado polas administracións educativas. Unha das formas en que se plasma o devandito apoio susténtase nas subvencións públicas que convocan as administracións. Como en informes precedentes, o Consello Escolar do Estado insta as administracións educativas a actualizaren e a aumentaren a contía das subvencións destinadas ao movemento asociativo no ámbito escolar, dada a importancia destas actuacións para que a participación educativa se potencie no noso sistema.

4ª) O Consello Escolar do Estado, igual que fixo no informe do curso anterior, insta o Ministerio de Educación a promover a aprobación dun real decreto sobre a participación que regule e garanta os medios materiais e económicos para o desenvolvemento desta por parte do alumnado e dos pais e as nais, tanto de forma directa como a través das súas organizacións asociativas, e nos seus distintos niveis; todo iso garantido os ámbitos competenciais propios das comunidades autónomas.

8. Formación inicial do profesorado

1ª) O Consello Escolar do Estado insta as administracións estatal e autonómica para que, sen detrimento da autonomía universitaria, poñan en marcha con rigor e seriedade, a partir do curso 2009-2010, o novo mestrado para o profesorado de educación secundaria, con especial atención ao dominio do currículo por competencias, á didáctica das materias e á relación entre elas, incluíndo a formación para o axeitado exercicio da función titorial, a utilización didáctica das actuais tecnoloxías e todo o relativo ao funcionamento dos centros escolares. Segundo a normativa vixente, as universidades poden deseñar este mestrado de educación secundaria a distancia. Por ese motivo, o Consello Escolar do Estado insta as universidades e as entidades sen ánimo de lucro coas que poidan ter convenio a programaren e a desenvolveren este mestrado de educación secundaria en liña, coa supervisión e as normas de calidade establecidas polo Ministerio de Educación para esta modalidade de formación, co obxectivo de que un maior número de persoas teñan oportunidade de realizar o mestrado.

2ª) Para que a formación inicial do profesorado cumpra a súa función e alcance os índices de calidade que o sistema educativo require, é necesario que as administracións garantan unha axeitada relación entre os módulos –común, específico e practicum– e as materias, que se unifiquen os criterios para o establecemento das especialidades, de selección do alumnado para acceder ao mestrado e que as consellarías de educación motiven os centros educativos públicos a participar, co fin de garantir que a selección dos centros que deben integrar a rede de centros colaboradores para a planificación e o desenvolvemento do practicum se realice con criterios de calidade e innovación.

3ª) O Consello Escolar do Estado considera imprescindible articular un sistema de integración do profesorado de ensino secundario na impartición do novo mestrado do profesorado sen limitar a súa participación ao practicum, dado que o profesorado de ensino secundario está integrado polos profesionais que máis coñecen a realidade desta etapa educativa e as necesidades de formación que precisa o futuro profesorado de secundaria. Como contrapartida, é preciso que se recoñeza este traballo. Daquela, este Consello insta as administracións educativas a integraren nos equipos docentes universitarios, como asociados, os profesores e as profesoras de ensino secundario que se encarguen de impartir o mestrado.

4ª) A formación permanente é un dereito e un deber do conxunto do profesorado. O Consello Escolar do Estado considera que a formación do profesorado debe entenderse como un proceso continuo, sistemático e organizado que abrangue toda a carreira docente. Débese promover unha formación do profesorado no seu horario laboral, co fin de contribuír á conciliación da vida laboral e familiar, que estea vinculada ás accións dos propios centros, de forma que sexan estes os que determinen as necesidades de formación. Así mesmo, é necesario que se amplíen os programas que se subscriben coas universidades e que os plans de formación se adapten ás novas necesidades profesionais entre as que son prioritarias a formación en idiomas, no desenvolvemento na aula das competencias básicas, no uso das TIC e na detección precoz das necesidades educativas especiais e na súa axeitada atención educativa. Para cubrir toda a demanda de formación do profesorado, este Consello pide que se promova unha ampla oferta de formación en liña.

5ª) O Consello Escolar do Estado insta as administracións educativas a que se coide a cobertura orzamentaria de todo o proceso e a que se avalíe a implantación do mestrado en todas as universidades españolas, co obxecto de coñecer efectivamente se a formación inicial do futuro profesorado alcanza o nivel de calidade que o sistema educativo require e a sociedade demanda.

Ademais, é imprescindible que se resolvan os problemas derivados da falta de coordinación, os atrasos na publicación da normativa e os cambios cos estudos en marcha, co fin de evitar os prexuízos que de todo iso se puidesen derivar para o alumnado do mestrado das distintas universidades.

9. Inclusión do alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade

1ª) O Consello Escolar do Estado insta as administracións educativas a que establezan como marco orientador e de referencia necesaria da lexislación, das políticas e das decisións e prácticas educativas dos poderes públicos a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, adoptada por Nacións Unidas en decembro de 2006, e vixente e plenamente aplicable en España desde maio de 2008, especialmente o seu artigo 24, consagrado á educación inclusiva das persoas con discapacidade.

2ª) O Consello Escolar do Estado considera necesaria a atención ao alumnado con discapacidade entre os indicadores de calidade do sistema educativo. Así

mesmo, considera imprescindible a identificación temperá das necesidades educativas de apoio específicas derivadas de discapacidade. As avaliacións diagnósticas tomarán en consideración de forma prioritaria esta poboación escolar coa previsión de recursos de apoio para a intervención inmediata á detección, co obxecto de que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo poida alcanzar os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. Para os lograr, as administracións deben garantir a cualificación e a actualización competencial na formación inicial e continua do profesorado, e dos responsables da orientación educativa, con coñecemento dos diversos recursos actuais de carácter didáctico, tecnolóxico, etc., que permita atender este alumnado en igualdade de oportunidades e en termos de calidade e equidade.

3ª) O Consello Escolar do Estado insta o Ministerio de Educación e as administracións educativas a que se doten os centros dos recursos materiais e humanos necesarios, especialmente nos centros ordinarios, para atender as necesidades educativas específicas do alumnado destas características e facer posible a inclusión. Co obxecto de asegurar non só o acceso, senón tamén a permanencia e a promoción do alumnado con discapacidade dentro do sistema educativo, as administracións educativas deberán garantir a axeitada disposición dos recursos de apoio que cada alumno ou alumna con discapacidade precise ao longo de todas as etapas, incluídas as non obrigatorias, que lle permitan a comunicación e a accesibilidade física aos contidos de aprendizaxe, ás novas tecnoloxías e ás actividades que se realicen con carácter xeral para todo o alumnado, consonte os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal marcados pola lexislación nesta materia.

4ª) O Consello Escolar do Estado propón a elaboración de programas de coordinación entre os niveis e unha adecuada orientación psicopedagóxica deste alumnado, de xeito que se facilite o tránsito entre etapas, proporcionando información e asesoramento ao alumnado e ás familias acerca das opcións educativas e laborais que mellor respondan ás súas capacidades e actitudes, orientándoos no proceso de formación e facilitándolles, desta forma, a súa posterior inserción no mundo laboral. Por outra parte, propón establecer, para o alumnado con discapacidade que así o solicite, medidas de flexibilización e/ou alternativas nas metodoloxías de aprendizaxe da lingua estranxeira, así como nos requisitos de acreditación do nivel alcanzado, en especial, en relación coa expresión oral.

5ª) A lei orgánica de educación establece que as administracións educativas deberán adoptar as medidas oportunas para que os pais e as nais deste

alumnado reciban o axeitado asesoramento individualizado, así como a información necesaria que lles axude na educación dos seus fillos e das súas fillas, que se presentará de forma alcanzable e comprensible, tendo en conta as medidas de accesibilidade necesarias, se o caso o require. En consecuencia, este Consello insta as administracións a que fagan efectiva a participación das familias nas decisións que afecten a escolarización e os procesos educativos dos seus fillos e das súas fillas que presenten necesidades específicas de apoio educativo derivadas de discapacidade.



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN